

Convenio entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., para a execución e seguimento das queimas prescritas e para a avaliación do risco hidrolóxico-erosivo despois de incendio.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

Xacobeo  2027

CSV : GEN-abf9-7fe7-9633-9ac9-46dc-ee98-31c9-b12f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsbIF8yLcR>

FIRMANTE(1) : CARLOS JUAN CLOSA MONTERO | FECHA : 23/07/2026 13:19 | Sin acción específica





Nas súas respectivas sedes, na data da súa sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa condición de conselleira nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Carlos Closa Montero, na súa condición de vicepresidente de Organización e Relacións Institucionais da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (en diante, CSIC), que intervéen en nome e representación deste organismo en virtude do seu nomeamento mediante Acordo do Consello Reitor do CSIC, na súa reunión do 30 de novembro de 2022 (BOE do 23 de decembro de 2022, Resolución da Presidencia do CSIC do 14 de decembro de 2022 pola que se resolve a convocatoria de libre designación). Ademais, actúa no exercicio da competencia que, en materia de convenios e instrumentos xurídicos análogos, ten delegada por Resolución da Presidencia do organismo, do 5 de decembro de 2023 (BOE núm. 301, do 18 de decembro de 2023).

Cada un intervéen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro._ Que as administracións públicas poden celebrar convenios con outras administracións públicas, con outros entes de dereito público e con suxeitos de dereito privado para un fin común, ao abeiro do disposto nos artigos 47 e 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Segundo.- Que, así mesmo, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (Lei da ciencia), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, incluídas as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Concretamente, as letras a) e c) do dito artigo 34.1 prevén que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si para a realización conxunta de «proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación» e o «financiamento de proxectos científico-técnicos singulares», supostos que encaixan coa actividade obxecto deste documento.

Terceiro. Que a Consellería do Medio Rural, conforme ao artigo 1 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

En particular, á Dirección Xeral de Defensa do Monte (en diante, DXDM) da Consellería do Medio Rural correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Cuarto. Que o CSIC, de conformidade co artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, é un organismo público de investigación (OPI), adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias.

O CSIC está constituído como axencia estatal e, nesa condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis e 108 sexies da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP). Ademais, réxese polas disposicións do seu Estatuto, aprobado polo Real decreto 1730/2007, do 21 de decembro, que no seu artigo 5 recolle, entre as súas funcións, informar, asistir





e asesorar en materia de ciencia e tecnoloxía a entidades públicas e privadas, conforme a principios de suficiencia financeira, imparcialidade, independencia e confidencialidade.

Que o CSIC se estrutura en institutos e centros de investigación, entre eles a Misión Biolóxica de Galicia (en diante, CSIC-MBG), sen personalidade xurídica diferenciada, instituto propio do CSIC adscrito á área de Ciencias Agrarias do CSIC. A MBG está situada na provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como funcións o desenvolvemento de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das ciencias agrarias, forestais e ambientais.

Quinto. Que ambas as dúas entidades concordan en que o cambio climático está aumentando a frecuencia e intensidade dos grandes incendios forestais a nivel global, principalmente debido a temperaturas máis altas e secas máis prolongadas. Isto crea condicións máis propicias para que os incendios se inicien e se propaguen máis rapidamente e con maior severidade.

Sexto. Que a Consellería do Medio Rural, a través da DXDM, publica anualmente o seu Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), que contempla, desde hai anos, actuacións en zonas vulnerables afectadas por incendios forestais, esencialmente para a redución do risco hidrolóxico-erosivo. Esas actuacións, entre outras, consisten en:

- Avaliación do impacto causado polo lume mediante a determinación da severidade do lume na vexetación e no solo.
- Estimación dos efectos potenciais fóra da área queimada.
- Priorización das zonas de actuación en función dos puntos anteriores.
- Implementación e monitorización dos tratamentos.

No Pladiga sublíñase tamén que a prevención é unha das bases fundamentais na loita contra os lumes forestais en Galicia. A prevención comprende un conxunto de actuacións dirixidas a evitar que se produzan incendios forestais ou, unha vez iniciados, a que a súa propagación sexa a menor posible. Entre os obxectivos xerais do plan está desenvolver un plan de queimas prescritas desde a DXDM co fin de reducir a biomasa en lugares estratéxicos. Neste sentido, redactouse un procedemento de planificación e execución de queimas prescritas que contempla unha avaliación das condicións de execución das citadas queimas.





Sétimo. Que o CSIC-MBG integra na súa estrutura unha liña de investigación dedicada á planificación das accións de avaliación do risco hidrolóxico-erosivo en Galicia. En particular, en materia de accións urxentes contra a erosión en áreas forestais queimadas, na eficacia dos tratamentos de estabilización do solo despois de incendio en Galicia, na avaliación de campo da severidade do lume no solo ou nos efectos do lume prescrito na estrutura e diversidade vexetal dos matogueirais de Galicia.

Oitavo. Que, en cumprimento dos principios de eficacia administrativa e de eficiencia na utilización dos recursos públicos e seguindo a estela de cooperación que preside a relación entre as partes nesta materia, este convenio ten como finalidade establecer accións conxuntas de colaboración en materia de prevención de incendios forestais, particularmente na execución e seguimento das queimas prescritas e na avaliación do risco hidrolóxico-erosivo despois de incendio.

En consideración a todo isto, e dado que as liñas de traballo e investigación indicadas nos expositivos anteriores son complementarias e ofrecen a posibilidade de desenvolver avances de impacto na materia, o CSIC e a Consellería do Medio Rural, de acordo co previsto no capítulo VI do título preliminar da LRXSP e no artigo 34.1 da Lei da ciencia, están interesados en subscribir o presente convenio para acadar os obxectivos perseguidos de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer unha colaboración científico-técnica entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a través da DXDM, e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., a través do CSIC-MBG, para a realización conxunta das actuacións necesarias durante o período 2026-2029 en materia de prevención de incendios forestais, particularmente na execución e seguimento das queimas prescritas e na avaliación do risco hidrolóxico-erosivo despois de incendio.

O obxecto está dividido nos seguintes tres bloques, cuxa descrición se recolle no anexo I:

- 1.- Actuacións nas zonas vulnerables á erosión despois de incendio.
- 2.- Prevención de incendios a través do uso das queimas prescritas.
- 3.- Formación do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.





O proxecto executarase nos termos establecidos polas partes neste convenio e no Plan de traballo que estas acorden e ao que se fai referencia na cláusula segunda.

Segunda.- Compromisos e obrigas das partes.

As partes comprométense a realizar as seguintes actuacións para o cumprimento do obxecto do proxecto, que se describen no anexo I e serán detalladas nun Plan de traballo que aprobarán a través do mecanismo de seguimento.

O CSIC obrígase a desenvolver as seguintes accións a través do CSIC-MBG:

- a. Executar, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, as actividades previstas de acordo cos prazos acordados.
- b. Facilitar á Consellería do Medio Rural tanta información sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actuacións previstas.
- c. Proporcionar os medios persoais e técnicos, así como as infraestruturas necesarias para a realización das tarefas segundo a planificación prevista.
- d. Elaboración e entrega á Consellería do Medio Rural dos informes xerados durante o desenvolvemento das tarefas e investigacións.
- e. Presentar a correspondente documentación xustificativa ante a DXDM con carácter previo ao aboamento das achegas económicas descritas na cláusula terceira.

A Consellería do Medio Rural, a través da DXDM, obrígase a realizar as seguintes actuacións:

- a. Realizar a achega económica a favor do CSIC establecida na cláusula terceira.
- b. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.
- c. Proporcionar o apoio e asesoramento técnico preciso.
- d. Desenvolver as tarefas previstas de acordo cos prazos acordados.
- e. Facilitar as relacións institucionais e xestións precisas para o desenvolvemento e aplicación do presente convenio.





- f. Participar na difusión e coñecemento das actuacións que se acorden dentro do presente convenio.

Os resultados dos traballos obxecto do convenio plasmaranse nos informes e termos detallados na cláusula cuarta e no anexo I.

Terceira.- Financiamento

A Consellería do Medio Rural, a través da DXDM, achegará ao CSIC a cantidade de cento setenta mil euros (170.000,00 €), repartidos entre as catro anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029, con cargo a fondos propios da Consellería indicados na aplicación orzamentaria 15.02.551B.640.1, código de proxecto 2007 00480, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2026 ou equivalentes dos exercicios seguintes.

O orzamento total estimado da citada achega ascende a cento setenta mil euros (170.000,00 €), de acordo co seguinte desagregamento por anualidades:

Ano	Total
2026	50.000,00 €
2027	40.000,00 €
2028	40.000,00 €
2029	40.000,00 €
Total	170.000,00 €

A achega económica da Consellería do Medio Rural ten por finalidade compensar os custos nos que incorra o CSIC para a realización das actuacións previstas no convenio, sen que poida supoñer lucro ou beneficio ningún para o CSIC.

Na valoración económica que se acompaña a este convenio como anexo II realízase unha estimación do orzamento anual de gastos financiados pola Consellería do Medio Rural, así como a valoración económica dos medios propios que o CSIC achegará ao proxecto.

A Comisión de seguimento deste convenio poderá aprobar modificacións anuais entre as partidas de gasto correspondentes establecidas no anexo II, sen que en





ningún caso as ditas modificacións supoñan nin un incremento do gasto máximo asumido pola Consellería do Medio Rural nin modificación da aplicación orzamentaria establecida nesta cláusula.

Así mesmo, as partes, por acordo da Comisión de Seguimento, poderán aprobar posibles reaxustes das anualidades de pagamento en función da evolución da execución do obxecto e das actuacións asumidas, sempre que os ditos reaxustes non supoñan un incremento do orzamento total comprometido nin un aumento do prazo de vixencia.

Pola súa banda, o CSIC achegará ao proxecto, con cargo a recursos propios das asignacións que con carácter xeral se fixan anualmente nos seus orzamentos nos capítulos correspondentes, os medios persoais, materiais e laboratorios propios que resulten necesarios para o cumprimento do obxecto deste convenio, por un importe estimado de 22.705,93 euros en 2026, 45.411,85 euros en 2027, 45.411,85 euros en 2028 e 45.411,85 euros en 2029, o que ascende a un total estimado de 158.941,48 euros.

Cuarta.- Condicións de pagamento

O CSIC-MBG remitirá á Consellería do Medio Rural antes do día un (1) de decembro de cada ano unha memoria xustificativa que incluírá unha descrición detallada das actividades desenvolvidas, os resultados obtidos e o grao de cumprimento acadado en relación cos obxectivos perseguidos, así como unha xustificación dos gastos e pagamentos realizados con cargo á anualidade correspondente, conforme ao establecido no presente convenio e no Plan de traballo que a Comisión de seguimento acorde.

Para estes efectos, a xustificación incluírá unha relación detallada dos gastos e pagamentos realizados, con identificación, cando proceda, do acredor, concepto, importe, data de emisión, data de pagamento e documento xustificativo.

Os gastos externos xustificaranse mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como mediante os correspondentes xustificantes de pagamento.

Os gastos de persoal propio e demais custos internos nos que incorra o CSIC para a execución das actuacións previstas no convenio poderán xustificarse mediante certificación emitida polo órgano competente do CSIC, na que se fagan constar, segundo corresponda, o persoal adscrito ás actuacións, o período de dedicación, a porcentaxe ou horas de dedicación imputadas, o custo imputable e a súa efectiva realización e pagamento.





A data límite para a realización e xustificación dos gastos e pagamentos correspondentes a cada anualidade será o día un (1) de decembro do exercicio respectivo.

A Consellería do Medio Rural aboará anualmente ao CSIC as contías establecidas na cláusula terceira ata o importe máximo da anualidade, logo da presentación ante a Consellería do Medio Rural da documentación xustificativa citada anteriormente, dos informes de actuación e demais documentos exhibibles anualmente, coa conformidade da DXDM.

Os citados importes aboaranse no mes de decembro de cada ano mediante transferencia bancaria na conta aberta a nome do CSIC que este indique e certifique (indicando no concepto da transferencia o acrónimo ou código identificativo do proxecto).

O CSIC asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta.- Mecanismo de seguimento, vixilancia e control

Constituirase unha Comisión Mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio que asegure o bo fin e cumprimento deste. Así mesmo, responsabilizarase da planificación e control das accións necesarias para o desenvolvemento do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes como consecuencia do seu cumprimento a través de actuacións concretas.

A Comisión de seguimento estará integrada por dous representantes de cada unha das partes:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector/a xeral de Extinción ou persoa en quen delegue.
- O/a técnico/a da Subdirección Xeral responsable do proxecto ou persoa en quen delegue.

Por parte do CSIC:

- O titular da Dirección do CSIC-MBG ou persoa en quen delegue.
- O investigador/a principal/responsable do proxecto do CSIC-MBG ou persoa en quen delegue.





A citada Comisión reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha (1) vez ao ano. A dita Comisión constituirase no prazo de trinta (30) días, contados a partir da data de eficacia deste convenio.

Así mesmo, poderán asistir a ela, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta que se vaia tratar.

A Comisión de Seguimento elaborará o Plan de traballo conxunto, de acordo co ámbito obxecto do convenio e o establecido nas cláusulas primeira, segunda e no anexo I, que deberá recoller as accións que desenvolverá cada parte, especificando os seus condicionantes técnicos e o cronograma correspondente. Así mesmo, esta poderá modificar ou alterar o Plan de traballo segundo as necesidades do convenio, sempre que non se modifique este, o cal non pode ser alterado pola Comisión de Seguimento senón mediante addenda de modificación tramitada nos termos legalmente previstos.

A Comisión de Seguimento terá entre as súas funcións, ademais das establecidas no resto do clausulado deste convenio:

- Realizar o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e das obrigas asumidas polas partes.
- Ditar as pertinentes instrucións e adoptar cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas para garantir a boa execución do convenio.
- Informar sobre as incidencias acaecidas durante a execución do convenio ou propoñer razoadamente a súa modificación.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do presente convenio.

Os acordos da Comisión de Seguimento adoptaranse de forma consensuada e deixarase constancia deles mediante acta que se xuntará ao expediente do presente convenio.

Na súa actuación, a Comisión de Seguimento axustarase ás normas xerais de funcionamento dos órganos colexiados da Administración previstas na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da LRXSP.

Sexta.- Modificación

A modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime das partes, que se realizará en forma de addenda de modificación. Esta addenda tramitarase





conforme aos requisitos normativamente establecidos, incluída a autorización do Ministerio de Hacienda e, unha vez subscrita, a súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal, antes da extinción do convenio. Ademais, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» (BOE).

Sétima.- Extinción

1. De acordo co previsto no artigo 51.1 da LRXSP, este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalguna das seguintes causas de resolución, segundo o establecido no apartado 2 do mesmo artigo:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se producise a prórroga do convenio.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) A resolución do convenio por algunha das partes por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos, conforme ao disposto no apartado 2 desta cláusula.
- d) A decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- e) Calquera outra prevista no convenio ou nas leis.

2. Calquera das partes poderá resolver o presente convenio no caso de que a outra incumpra as súas obrigas e compromisos ao abeiro deste. En caso de incumprimento das obrigas e compromisos previstos no convenio, a parte afectada poderá notificar de maneira fidedigna á outra un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigas que se consideren incumplidas. Este requirimento comunicarse á Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta.

Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

3. En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza, e dará lugar á liquidación deste co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes nos termos establecidos no artigo 52 da LRXSP.

Se no momento da resolución existisen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a súa continuación e finalización, establecendo un prazo improrrogable para iso. Transcorrido o dito prazo, deberá procederse á liquidación das actuacións nos termos previstos no artigo 52 da LRXSP.





Oitava.- Vixencia

Conforme establece o artigo 48.8 da LRXSP, o convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes manifestado mediante a súa sinatura e comezará a producir efectos desde a súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO). Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» (BOE).

A duración do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2029.

En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, as partes do convenio poderán acordar unanimemente e por escrito a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais. As partes tramitarán a correspondente addenda de prórroga nos termos legalmente previstos, que producirá efectos pola súa inscrición no Rexistro Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal antes da extinción do convenio.

Novena.- Confidencialidade. Titularidade dos resultados. Propiedade intelectual e industrial

1. Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas, técnicas ou comerciais pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, incluído todo o persoal participante nos traballos obxecto deste, agás que:

- a) A información recibida sexa de dominio público.
- b) A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- c) A parte receptora adquirise esta información dun terceiro sen compromiso de confidencialidade.

Sen prexuízo do anteriormente establecido, a parte que reciba información confidencial da outra poderá revelala cando tal revelación obedeza a un requirimento ou petición formal por parte dunha autoridade xudicial ou calquera outra autoridade gubernamental, sempre que previamente se lle notificase tal petición á parte que a revelase e se lle dese a esta (de ser posible) a oportunidade de opoñerse á necesidade da dita revelación e/ou se lle permitise solicitar unha orde protectora ou medida cautelar co obxecto de que a información confidencial revelada en virtude desa petición se utilice única e exclusivamente para o obxecto que se ditou no dito requirimento legal.





2. No suposto de que a actividade desenvolvida como consecuencia da presente colaboración producise resultados susceptibles de protección mediante patentes ou outras formas de propiedade industrial ou intelectual, a titularidade destes corresponderá ás entidades asinantes do convenio en proporción á súa participación intelectual, material e/ou económica na obtención do resultado, para o que se terá en conta ademais o previsto no presente convenio, sen prexuízo do establecido no artigo 35 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, relativo á titularidade e ao carácter patrimonial dos resultados.

Os resultados do proxecto obxecto do presente convenio, ou partes deste que puidesen ter consideración independente, serán propiedade da entidade ou entidades que os xerasen expresamente.

Tanto en publicacións como en patentes e outros títulos de propiedade industrial e intelectual, respectarase sempre a mención aos autores das investigacións que, nestas últimas, figurarán en calidade de inventores ou autores intelectuais.

Décima.- Publicidade

Ambas as dúas organizacións farán constar a colaboración do CSIC-MBG e da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do convenio e incluírán o logo da Xunta de Galicia, conforme ao establecido no Manual de identidade corporativa, así como o do CSIC.

Décimo primeira.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo estipulado polas partes nel e, en calquera caso, polo disposto no capítulo VI do título preliminar da LRXSP.

Así mesmo, o presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Décimo segunda.- Relacións laborais e responsabilidade das actuacións

1. A participación do persoal do CSIC na execución das actuacións previstas no presente convenio non xerará relación laboral, funcional nin contractual ningunha coa Consellería do Medio Rural, correspondendo exclusivamente ao CSIC a organización, dirección e responsabilidade sobre o dito persoal nos termos previstos pola normativa aplicable. Igualmente, no caso de que persoal da Consellería do Medio Rural participe na execución das actuacións previstas no convenio, a dita participación non xerará vínculo laboral, funcional nin contractual ningún coa





entidade CSIC, correspondendo exclusivamente á Consellería do Medio Rural a organización, dirección e responsabilidade sobre o seu propio persoal nos termos previstos pola normativa aplicable.

2. O persoal de cada unha das partes que, con motivo do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, tivese que desprazarse e permanecer nas instalacións da outra parte, conservará en todo momento a súa dependencia laboral e/ou administrativa da parte de orixe, a cal asumirá as obrigas legais da súa condición. Non terá, polo tanto, a consideración de persoal da parte que o acolle nin acceso ás prestacións e recursos reservados para o persoal propio. Así mesmo, o citado persoal deberá estar en situación de alta nalgún réxime público de Seguridade Social ou asimilado, e contará cun seguro de responsabilidade civil (ou mecanismo de responsabilidade por danos equivalente) e calquera outro que puidese ser preciso en atención á natureza e riscos das tarefas que se desenvolverán, segundo a normativa vixente ao respecto.

O persoal de cada unha das partes desprazado á outra deberá someterse durante a súa permanencia no recinto ou dependencias desta a todas as normas de réxime interior aplicables nelas.

3. A contratación de persoal con motivo do presente convenio deberá axustarse á normativa vixente sobre contratación pública que resulte de aplicación e ás limitacións que, de ser o caso, se establezan nas correspondentes leis de orzamentos que sexan aplicables. A contratación de persoal será exclusivamente para o período e realización das actuacións recollidas no convenio, sen que en ningún caso poida derivarse diso a consolidación dos contratados como persoal propio de ningunha das partes unha vez finalizado o período de vixencia do contrato.

Décimo terceira.- Resolución de conflitos

Os conflitos que poidan xurdir entre as partes en relación coa interpretación, execución, cumprimento e extinción do convenio serán resoltos de mutuo acordo por ambas as dúas partes a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta e, na súa falta, someteranse aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa competentes.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.





Décimo quinta.- Transparencia

O presente convenio de colaboración, unha vez asinado, inscribirase no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E en proba de conformidade, as partes subscriben electronicamente o presente convenio, constando como data de sinatura a última realizada.

Pola Consellería do Medio Rural
A conselleira

Pola Axencia Estatal Consello Superior de
Investigacións Científicas, M.P.
O vicepresidente de Organización e
Relacións Institucionais

María José Gómez Rodríguez

Carlos Closa Montero





Anexo I – Actividades que se desenvolverán

Obxectivo 1. Actuacións nas zonas vulnerables á erosión despois de incendio.

1.1 Avaliación da severidade do lume e do risco hidrolóxico-erosivo nos lumes que estime oportuno a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural. Esa avaliación incluírá tanto o cálculo dos índices espectrais pertinentes como a toma de datos de campo.

Para cada incendio realizarase:

- Caracterización dos recursos en risco en cada lume.
- Cálculo de índices espectrais de severidade do lume.
- Instalación de parcelas de mostraxe para a toma de datos de campo do grao de severidade do lume na vexetación e no solo.

1.2 Análise da severidade do lume, cálculo do risco de erosión e proposta de accións de mitigación en cada caso. Redacción de informes.

- Estimación do risco hidrolóxico-erosivo usando os modelos existentes.
- Priorización das áreas de actuación urxentes.
- Redacción de informes de cada incendio analizado.

1.3 Apoio científico-técnico á aplicación dos tratamentos de mitigación da erosión e deseño de áreas demostrativas, se é o caso.

- Asistencia na selección das áreas de monitorización e seguimento da aplicación dos tratamentos.

Obxectivo 2. Prevención de incendios a través do uso das queimas prescritas.

2.1 Monitorización das condicións de execución das queimas prescritas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, que incluírá descrición dos combustibles (composición específica, altura, cobertura, humidade), da meteoroloxía durante as queimas e rexistro do réxime térmico mediante o uso de termopares e rexistradores.

Nas áreas previstas para a execución de queimas prescritas instalaranse parcelas de seguimento nas que se tomarán unha serie de datos de campo antes, durante e despois da execución dos tratamentos.





- Medicións de cobertura e altura por especies antes da queima.
- No momento da queima tomaranse datos da humidade dos combustibles.
- Durante as queimas mediranse variables meteorolóxicas que caractericen as condicións de execución do lume e tamén datos do réxime térmico durante a queima na vexetación e no solo.

2.2 Avaliación da queima e seguimento das queimas. Grao de redución do combustible, análise da severidade do lume no solo.

- Nas citadas parcelas de campo tomaranse datos do grao de consunción da cuberta orgánica do solo e da vexetación inmediatamente despois do lume.
- Realizarase un seguimento semestral da recuperación da cobertura e altura da vexetación.

2.3 Elaboración de informes.

Análise das condicións de execución das queimas e obxectivos acadados co fin de mellorar as ventás de prescrición coas que se conta na actualidade. As propostas de mellora faranse ao final do período do convenio.

A análise dos datos recollidos nos puntos 2.1 e 2.2 permitirá a elaboración dun informe final con todos os casos analizados.

Obxectivo 3. Formación do persoal.

3.1 Impartirase formación ao persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais nas temáticas do convenio no marco dos cursos propios organizados pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

3.2 Elaborarase o material didáctico para impartir a formación.





Anexo II – Orzamento estimado de gastos e valoración económica das achegas das partes para o desenvolvemento das actividades

O presente anexo recolle, por unha parte, o orzamento estimado dos gastos asociados á realización das actividades obxecto do convenio que serán financiados mediante a achega económica da Consellería do Medio Rural e, por outra, a valoración económica dos medios propios que o CSIC achegará ao proxecto, de acordo co previsto na cláusula terceira.

A) Orzamento de gastos financiados pola Consellería do Medio Rural

Descrición das partidas de gasto do orzamento:

- Gastos de persoal: contratación dun posto de técnico durante o período de vixencia, para a realización de traballos de campo, tratamento de datos, elaboración de informes e demais tarefas vinculadas ás actuacións previstas no convenio.
- Gastos en bens e servizos: prevese a adquisición de material funxible para o desenvolvemento das tarefas (material de ferraxaría e pequeno material de laboratorio).
- Gastos en viaxes e aloxamentos: importe previsto para efectuar os desprazamentos pertinentes para a realización de mostraxes de campo nas zonas asignadas para queimas prescritas e/ou previamente incendiadas.
- Gastos en infraestrutura e subministracións: importes destinados a cubrir os custos que, con carácter xeral, se adscriben á realización da actividade e que corresponden ao conxunto da entidade (infraestrutura, electricidade, auga etc.).

Anualidade	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Concepto	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)
Persoal	35.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00	125.000,00
Bens e servizos	2.500,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00	5.500,00
Viaxes e aloxamentos	3.000,00	1.400,00	1.400,00	1.400,00	7.200,00
Subministracións e infra- estrutura	9.500,00	7.600,00	7.600,00	7.600,00	32.300,00
TOTAL	50.000,00	40.000,00	40.000,00	40.000,00	170.000,00





B) Valoración económica da achega do CSIC

Ademais das actuacións que desenvolverá no marco do convenio, o CSIC achegará ao proxecto, con cargo aos seus propios recursos, os medios persoais, materiais e laboratorios necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio. A valoración económica estimada da dita achega ascende a 158.941,48 euros, co seguinte desagregamento por anualidades:

Anualidade	2026	2027	2028	2029	TOTAL
Concepto	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)	Importe (€)
Medios persoais, materiais e laboratorios propios do CSIC	22.705,93	45.411,85	45.411,85	45.411,85	158.941,48

